



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación  
Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación de TUBA e TUBA TENOR



CURSO 2024-2025



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



# Índice

|           |   |           |
|-----------|---|-----------|
| <b>1.</b> | <b>GRAO ELEMENTAL.....</b>  | <b>4</b>  |
| 1.1.      | Presentación e xustificación.....   | 4         |
| 1.2.      | A quen vai dirixida.....  | 4         |
| 1.3.      | Relacións cos estudos de réxime xeral. ....                               | 4         |
| 1.4.      | Relacións interdisciplinares. ....  | 5         |
| <b>2.</b> | <b>GRAO PROFESIONAL.....</b>  | <b>5</b>  |
| 2.1.      | Presentación e xustificación.....   | 5         |
| 2.2.      | A quen vai dirixida.....  | 6         |
| 2.3.      | Relacións cos estudos de réxime xeral. ....                               | 6         |
| 2.4.      | Relacións interdisciplinares. ....  | 6         |
| <b>3.</b> | <b>METODOLOXÍA. ....</b>  | <b>8</b>  |
| 3.1.      | Metodoloxía para Grao Elemental. ....                                     | 8         |
| 3.2.      | Metodoloxía para Grao Profesional. ....                                   | 9         |
| <b>4.</b> | <b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....</b>                                       | <b>11</b> |
| 4.1.      | Nas actividades de clase.....   | 11        |
| 4.2.      | Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. ....           | 12        |
| <b>5.</b> | <b>TEMAS TRANSVERSAIS. ....</b>   | <b>13</b> |
| 5.1.      | Educación en valores. ....  | 13        |
| 5.2.      | Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's). .... | 13        |
| <b>6.</b> | <b>ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS.....</b>           | <b>14</b> |
| <b>7.</b> | <b>SECUENCIACIÓN DO CURSO.....</b>  | <b>15</b> |
|           | <b>Curso: 1º de Grao Elemental.....</b>                                   | <b>15</b> |
| 7.1.      | Obxectivos. ....  | 15        |
| 7.2.      | Contidos. ....  | 15        |
| 7.3.      | Avaliación. ....  | 16        |
| 7.4.      | Medidas de Recuperación. ....   | 21        |
| 7.5.      | Recursos Didácticos.....  | 22        |
|           | <b>Curso: 2º de Grao Elemental.....</b>                                   | <b>25</b> |
| 7.1.      | Obxectivos. ....  | 25        |
| 7.2.      | Contidos. ....  | 25        |
| 7.3.      | Avaliación. ....  | 26        |
| 7.4.      | Medidas de Recuperación. ....   | 31        |
| 7.5.      | Recursos Didácticos.....  | 32        |

|   |           |
|---|-----------|
| <b>Curso: 3º de Grao Elemental.....</b>   | <b>35</b> |
| 7.1. Obxectivos. ....                     | 35        |
| 7.2. Contidos. ....                       | 35        |
| 7.3. Avaliación. ....                     | 36        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....        | 41        |
| 7.5. Recursos Didácticos.....             | 42        |
| <b>Curso: 4º de Grao Elemental.....</b>   | <b>45</b> |
| 7.1. Obxectivos. ....                     | 45        |
| 7.2. Contidos. ....                       | 45        |
| 7.3. Avaliación. ....                     | 46        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....        | 51        |
| 7.5. Recursos didácticos.....             | 52        |
| <b>Curso: 1º de Grao Profesional.....</b> | <b>55</b> |
| 7.1. Obxectivos. ....                     | 55        |
| 7.2. Contidos. ....                       | 55        |
| 7.3. Avaliación. ....                     | 56        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....        | 61        |
| 7.5. Recursos didácticos.....             | 63        |
| <b>Curso: 2º de Grao Profesional.....</b> | <b>66</b> |
| 7.1. Obxectivos. ....                     | 66        |
| 7.2. Contidos. ....                       | 66        |
| 7.3. Avaliación. ....                     | 67        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....        | 72        |
| 7.5. Recursos Didácticos.....             | 74        |
| <b>Curso: 3º de Grao Profesional.....</b> | <b>77</b> |
| 7.1. Obxectivos. ....                     | 77        |
| 7.2. Contidos. ....                       | 77        |
| 7.3. Avaliación. ....                     | 78        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....        | 83        |
| 7.5. Recursos Didácticos.....             | 85        |
| <b>Curso: 4º de Grao Profesional.....</b> | <b>88</b> |
| 7.1. Obxectivos. ....                     | 88        |
| 7.2. Contidos. ....                       | 88        |
| 7.3. Avaliación. ....                     | 89        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....        | 94        |
| 7.5. Recursos Didácticos.....             | 96        |

|  |            |
|--|------------|
| <b>Curso: 5º de Grao Profesional.....</b>  | <b>99</b>  |
| 7.1. Obxectivos. ....  | 99         |
| 7.2. Contidos. ....  | 99         |
| 7.3. Avaliación. ....  | 100        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....   | 105        |
| 7.5. Recursos Didácticos.....  | 107        |
| <b>Curso: 6º de Grao Profesional.....</b>  | <b>110</b> |
| 7.1. Obxectivos. ....  | 110        |
| 7.2. Contidos. ....  | 110        |
| 7.3. Avaliación. ....  | 111        |
| 7.4. Medidas de Recuperación. ....   | 116        |
| 7.5. Recursos Didácticos.....  | 117        |
| <b>8. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN, HOMOXENEIZACIÓN E CALIBRACIÓN.....</b> | <b>121</b> |
| <b>9. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.....</b>                        | <b>123</b> |
| <b>10. ANEXOS.....</b>   | <b>124</b> |
| 10.1. Folla de Calibración/Rúbrica para Exames/Audicións. ....   | 124        |
| 10.2. Folla de Calibración/Rúbrica para Traballos Académicos/ Exposicións.....                         | 124        |
| 10.3. PROBA DE ACCESO A 1º DE GRAO PROFESIONAL .....   | 125        |
| 10.4. PRBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS .....  | 127        |
| 10.5. RECITAL DE PREMIO DE FIN DE GRAO PROFESIONAL.....  | 144        |
| 10.6. ASIGNATURA TUBA: SEGUNDO INSTRUMENTO.....  | 146        |
| 10.7. CLASE COLECTIVA. ....  | 151        |

# 1. GRAO ELEMENTAL.

## 1.1. Presentación e xustificación.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior Decreto de 27 de setembro.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

## 1.2. A quén vai dirixida.

### 1.2.1. Xeneralidades.

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

### 1.2.2. Coñecementos Previos.

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.

O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

## 1.3. Relacións cos estudos de réxime xeral.

Se o alumnado tivera entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizaría o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica, a franxa de idade é variable, xa que a este grao poden acceder ata os 14 anos.

## 1.4. Relacións interdisciplinares.

**Instrumento:** Na materia de Tuba pónense en práctica os coñecementos de linguaxe musical a través da lectura de estudos e obras. A educación auditiva e vogal axuda ó alumnado a que saiba escoitar con corrección ós seus compañeiros e a si mesmo, tanto na clase colectiva coma na clase individual, así coma no estudo diario na casa.

**Linguaxe Musical:** Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.

**Educación Auditiva e Vogal:** Esta materia, ademais da especialidade instrumental, comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable, así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

## 2. GRAO PROFESIONAL.

### 2.1. Presentación e xustificación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música,

desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

## 2.2. A quen vai dirixida.

A presente programación está dirixida ao alumnado de grao profesional. Para acceder a este grao non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

### 2.2.1. Coñecementos Previos.

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos.

Os alumnos que superen o curso pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

## 2.3. Relacións cos estudos de réxime xeral.

A maioría do alumnado compatibiliza estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, cursan os primeiros cursos de grao profesional ao mesmo tempo que a ESO e o alumnado de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co bacharelato. Se ben, tamén existen casos nos que o compatibilizan con estudos de Formación Profesional, Universitarios ou EOI.

## 2.4. Relacións interdisciplinares.

**Instrumento:** A ensinanza de tuba pon en práctica os coñecementos adquiridos no resto das materias, o que o axudará á consecución dos obxectivos de cada curso.

**Linguaxe Musical:** Senta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que os alumnos realicen unhas interpretacións de calidade.

**Coro/ Orquestra:** O alumnado distribúese en grupos numerosos e participa dunha sección coa responsabilidade que require. Incídese nun desenrolo técnico propio do traballo en conxunto.

**Harmonía:** Faculta ao alumnado a recoñecer a importancia da súa voz cando toca dentro dun conxunto e o axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.

**Análise:** Senta as bases que permiten que o alumnado entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou noutro ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º.

**Historia:** Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de como este inflúe na estética musical.

**Informática:** As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade ao alumnado para que exprese a súa creatividade e para que poida empregar recursos no seu estudo individual (Gravarse, editar partituras, etc. )

**Conxunto:** Con esta materia o alumnado é responsable co seu traballo individual do resultado do conxunto. Empréganse tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.

**Piano Complementario:** Aportará as ferramentas de apoio que precisan para adquirir unha comprensión global da música.



### 3. METODOLOXÍA.

#### 3.1. Metodoloxía para Grao Elemental.

Tendo en conta que nos atopamos ante a iniciación musical do alumnado e atendendo á súa idade e nivel de comprensión, introducirmolo naqueles conceptos que senten a base de estruturas de coñecemento. A información deberá facilitarse a través de estratexias relacionadas co mundo que coñecen. Intentaremos conseguir que sexa unha metodoloxía o mais participativa posible, que o alumnado se implique no seu propio proceso de aprendizaxe. Faremos que o ensino sexa progresivo, é dicir, que vaia do máis doado ao máis difícil de forma que os exercicios teñan un sentido, desta forma tamén se capta con mais facilidade a esencia para a que están feitos os exercicios indicados. Buscaremos a flexibilidade, é dicir, poder adaptarnos aos diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos. A motivación no alumnado de grao elemental xoga un papel moi importante xa que nestas idades o ensino a través de xogos e de xeito lúdico garántenos un maior éxito e favorecerán tanto comprensión como o desenvolvemento de conceptos e habilidades. Polo tanto, mediante a motivación intentaremos conseguir que este sinta interese por aprender. Buscaremos interrelacionar as diferentes materias para conseguir un desenvolvemento máis integral e unha visión máis global do fenómeno musical.

O discente disporá de 1 sesión semanal de 60' de duración de clase individual onde se abordarán os aspectos referidos á consecución dos obxectivos previstos para o curso. A sesión tipo comezará con algunha actividade de introdución e motivación (escoita de gravacións, revisión de bibliografía especializada, etc.), continuará con exercicios de relaxación, estiramientos e respiración, que axudarán ao alumnado a comezar a sesión o máis tranquilamente posible, continuarse co traballo de vibración (con e sen boquilla) a través de exercicios específicos coa axuda do piano da aula ou de medios dixitais a través das TIC. O seguinte paso será o traballo co instrumento de exercicios de técnica básica (aquí englobamos exercicios de son, flexibilidade, articulación, expansión do rexistro, etc.). A sesión continuará co traballo dos métodos, estudos e obras que estean programados nese momento. A sesión concluirá co interpretación *da capo a fine* do repertorio traballado, a cal poderá ser gravada para a súa escoita e posterior análise co obxectivo de melloralas.

A clase colectiva tamén será unha parte importante na súa aprendizaxe xa que

incidirá na faceta social do alumando. Ao relacionarse con mais compañeiros, deberá compartir opinións, expresarse fronte a eles, tanto verbalmente como musicalmente, redundando no crecemento tanto musical como persoal. Ademais, a aprendizaxe por imitación é unha das ferramentas mais poderosas para a asimilación de conceptos que de xeito individual resultan mais lentos de interiorizar.

### 3.2. Metodoloxía para Grao Profesional.

A metodoloxía para este grao será progresiva, continuando co desenvolvemento de contidos que son recorrentes durante toda a carreira (son, emisión, articulacións, respiración) e ampliando pouco a pouco a dificultade dos exercicios para conseguir un pleno desenvolvemento dos mecanismos necesarios para avanzar con seguridade e confianza durante este grao e conseguir suficiente nivel para afrontar o G. Superior de música. No G. Profesional evidéncianse as diferenzas que nos imos atopar nos procesos de aprendizaxe do alumnado polo que será imprescindible facer fincapé nunha metodoloxía flexible, que se adapte ao ritmo de aprendizaxe de cada discente e que facilite, mediante unhas boas medidas de atención á diversidade, a consecución dos obxectivos. No Grao Profesional a aparición das materias complementarias e optativas permitirannos ter unha visión máis ampla e unitaria da música como fenómeno artístico, polo tanto deberemos incidir en facer unha metodoloxía integradora que busque a coherencia e a relación da materia do instrumento coas materias complementarias.

No Grao Profesional o alumnado disporá de 1 sesión semanal de 60' de duración de clase individual na materia de instrumento e desaparece a clase colectiva, pero non se descarta poder utilizar este recurso se as posibilidades o permiten (alumnado e centro) para tratar algúns aspectos do currículo cando nos achegue un beneficio na aprendizaxe.. A sesión tipo comezará con algunha actividade de introdución e motivación (escoita de gravacións, revisión de bibliografía especializada, etc.), continuará con exercicios de relaxación, estiramientos e respiración, que axudarán ao alumnado a comezar a sesión o máis tranquilamente posible, continuarse co traballo de vibración (con e sen boquilla) a través de exercicios específicos coa axuda do piano da aula ou de medios dixitais a través das TIC. O seguinte paso será o traballo co instrumento de exercicios de técnica básica (aquí englobamos exercicios de son, flexibilidade, articulación, expansión do rexistro, etc.). Tamén se incluírá a lectura a primeira vista e improvisación en algunhas das

sesións. A sesión continuará co traballo dos métodos, estudos e obras que estean programados nese momento. A sesión concluirá co interpretación *da capo a fine* do repertorio traballado, a cal poderá ser gravada para a súa escoita e posterior análise co obxectivo de melloralala.

## 4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### 4.1. Nas actividades de clase.

A complexidade e heteroxeneidade da sociedade actual vese reflectida na aula a través da diversidade do alumnado. Como docentes, e tendo en conta a Declaración de Incheon (2015) debemos de garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade, así como promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos. A educación inclusiva ten como obxectivo fundamental non deixar a ninguén fóra da vida escolar, posto que cada suxeito é un membro importante con responsabilidade dentro do grupo. Para iso axudaremonos do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), que parte dun deseño para todas as persoas e presenta opcións personalizables que permiten progresar a todo o alumnado.

Concretando as actuacións que podemos levar a cabo neste sentido como mestres de Tuba/Bombardino, e tomando como referencia o Decreto 229/2011, en primeiro lugar faremos referencia ao alumnado que está repetindo curso. Ao comezar o curso levarase a cabo una avaliación diagnóstica inicial para establecer un punto de partida o suficientemente sólido como para afrontar con garantías de éxito o curso. Tamén faremos unha reflexión sobre a posible adaptación da metodoloxía a empregar, procurando que sexa aínda máis motivadora. En canto ós recursos didácticos propoñeremos algúns novos que se complementen cos traballados no curso anterior buscando potenciar os intereses e a motivación do alumnado.

En referencia ao alumnado coa materia de Tuba/Bombardino pendente do curso anterior incorporaremos e adaptaremos os contidos do curso anterior de xeito que poidan compaxinar os dous cursos e prepararemos e adecuaremos o repertorio para que poidan superar o curso anterior.

Para o alumnado que observamos que está alcanzando amplamente os obxectivos do curso, propoñeremos actividades de ampliación, ou incluso a posibilidade de ampliar matrícula.

Por outra banda, estableceremos actuacións de reforzo educativo para o alumnado que así o precise, adaptando os procedementos de avaliación, propoñendo actividades de reforzo para alcanzar os obxectivos marcados e incidindo nunha metodoloxía que busque a aprendizaxe sen erro para xerar confianza no alumnado.

## 4.2. Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

O termo NEAE inclúe ó alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, con trastorno por déficit de atención e hiperactividade, con altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ó sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar e alumnado con necesidades educativas especiais. Cabe destacar que, dentro das nosas ensinanzas, non sempre atoparemos tódolos casos mencionados anteriormente, debido ás características concretas de capacidade de concentración que require o ensino.

Este alumnado require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Cada discente aprende a un ritmo diferente, polo que será preciso adecuar a práctica docente ás necesidades específicas do alumnado.

Algunhas das actuacións ou pautas que se poden levar a cabo son:

- Empregar materiais abertos e flexibles, que se adapten a cada situación de aprendizaxe.
- Adecuar a resposta educativa ao ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- Propoñer actividades ou exercicios específicos alternativos para lograr os obxectivos.
- Valorar positivamente cada avance alcanzado, redundando na autoestima e motivación do seu proceso de aprendizaxe.
- Adaptar os termos ou a linguaxe empregada.

## 5. TEMAS TRANSVERSAIS.

### 5.1. Educación en valores.

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación fomentárase: a educación en valores baseada na tolerancia e respecto polos demais compañeiros, a igualdade, equidade, o pluralismo e a empatía a través da aprendizaxe cooperativa, o espírito emprendedor coa invitación á creación de grupos musicais, a lectura e a expresión escrita coa consulta das fontes documentais sobre a historia e evolución do instrumento, a importancia duns hábitos de vida saudables e da realización de actividade física a través dos exercicios de respiración e relaxación así como dos estiramientos e do control postural.

### 5.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

As TIC constitúen non só unha ferramenta valiosísima para complementar a ensinanza no século XXI, senón tamén un xeito de dinamización e creatividade co que estimular ao alumnado. Dende a aula de tuba e bombardino fomentárase o uso de programas de gravación en audio e vídeo (Audacity, Zoom, etc.), aplicacións para escoitar música (Spotify, YouTube, etc.), para traballar o ritmo (Drumgenius), para improvisar (iReal) e o emprego do pedal de efectos e da loop station.

Tamén se incidirá no uso da biblioteca-fototeca-videoteca do centro, xa que se converte no lugar máis axeitado para a obtención de información. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

## **6. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS.**

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc. Os alumnado, e os seus responsables legais, estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e mellorar a súa educación, resaltaránse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

## **7. SECUENCIACIÓN DO CURSO.**

### **Curso: 1º de Grao Elemental.**

#### **7.1. Obxectivos.**

1. Coñecer o funcionamento das distintas partes do instrumento así como a súa montaxe e mantemento.
2. Adoptar unha posición corporal relaxada que permita unha correcta colocación do instrumento e unha boa respiración diafragmática.
3. Controlar os músculos da embocadura, de xeito que posibiliten unha correcta técnica instrumental.
4. Coñecer, de xeito básico, a técnica instrumental e as posibilidades sonoras do instrumento, para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
5. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos, adecuadas ó nivel.
6. Iniciar a práctica en grupo a través da clase colectiva.
7. Adquirir, progresivamente, ferramentas para o desenvolvemento da memoria.
8. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
9. Demostrar unha autonomía, progresivamente maior, na resolución de cuestións técnicas e interpretativas.
10. Desenvolver hábitos de estudo eficaces e mostrar unha actitude activa nas clases, con aproveitamento e interese.

#### **7.2. Contidos.**

1. Coñecemento das partes do instrumento e o seu mantemento: bombas, válvulas, limpeza dos mecanismos...
2. Correcta postura corporal e colocación do instrumento, así como práctica da relaxación e da respiración diafragmática para un bo desenvolvemento da capacidade pulmonar.



3. Estudo e práctica da técnica buzzing e a boquilla.
4. Estudo e práctica da técnica básica instrumental como elemento indispensable para desenvolver un bo son: emisión, articulación, flexibilidade, dicitación, dinámicas, afinación, fraseo...
5. Estudo e práctica das articulacións básicas: picado e ligado.
6. Estudo e práctica de escalas, arpexios, intervalos e desenvolvemento da velocidade co instrumento.
7. Estudo e práctica da flexibilidade en tódalas posicións do instrumento.
8. Estudo e práctica do rexistro grave, medio e agudo.
9. Desenvolvemento do oído interno e da afinación.
10. Estudo e interpretación de un repertorio acorde ó nivel, en público.
11. Iniciación á comprensión de estruturas musicais, acordes ó nivel (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para conseguir unha interpretación o máis consciente posible.
12. Práctica de conxunto.
13. Entrenamento progresivo da memoria e práctica da lectura a primeira vista.
14. Adquisición e emprego de hábitos de estudio correctos e eficaces que favorezan o autoaprendizaxe.
15. Concienciación da importancia do traballo individual e dunha actitude activa durante as clases.

### 7.3. Avaliación.

Ao longo do curso avaliarase ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumno no curso que comeza; **continua**, ao longo do curso segundo a súa evolución, actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para coñecer o punto de partida sobre o que empezar a traballar. Esta avaliación inicial

consistirá na interpretación duns exercicios técnicos sobre contidos do curso anterior, así como tamén algún estudo dos traballados no curso previo. Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

A avaliación é continua, polo que a nota final do curso será o resultado da acadada no terceiro trimestre.

### **7.3.1. Criterios de Avaliación.**

- C1. Adquirir unha posición corporal relaxada que permita unha correcta colocación do instrumento e unha boa respiración diafragmática.
- C2. Demostrar un dominio básico das posibilidades técnicas, sonoras e expresivas do instrumento, adecuados aos contidos do curso.
- C3. Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- C4. Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, de acordo cos criterios de estilo, con seguridade e control da situación.
- C5. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ó nivel.
- C6. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.
- C7. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- C8. Mostrar interese, boa actitude e progresión ó longo de todo o curso.

### **7.3.2. Mínimos Esixibles.**

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a

superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación. De esta maneira, e de sufrir unha mingua, deberán ser obxecto da oportuna recuperación durante a primeira avaliación do seguinte curso. Os mínimos esixibles para a superación da materia, son:

C1. Adquirir unha posición corporal relaxada que permita unha correcta colocación do instrumento e unha boa respiración diafragmática.

ME1. Situar o corpo e o instrumento de xeito ergonómico.

C2. Demostrar un dominio básico das posibilidades técnicas, sonoras e expresivas do instrumento, adecuados aos contidos do curso.

ME2. Interpretar axeitadamente 3 estudos dos programados para o curso.

C3. Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

ME3. Interpretar axeitadamente 1 obra das programadas para o curso.

C4. Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, de acordo cos criterios de estilo, con seguridade e control da situación.

ME4. Realizar, alomenos, unha audición pública durante o curso.

C5. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ó nivel.

ME5. Interpretar de memoria un pequeno fragmento musical.

C6. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

ME6. Tocar a dúo.

C7. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

ME7. Ler a primeira vista un pequeno fragmento musical.

C8. Mostrar interese, boa actitude e progresión ó longo de todo o curso.

ME8. Aumentar o nivel técnico e musical durante o curso.

### 7.3.3. Procedementos e Ferramentas de Avaliación.

Empregarase como procedementos a **observación sistemática**, tomando notas do rendemento do alumnado en cada clase, interese e actitude. Ademais, tamén se realizarán **probos/exámenes**. Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado ás clases, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumno, algo esencial para a súa correcta avaliación. Entre os instrumentos de avaliación que se poderán utilizar, atópanse:

**Diario de Clase:** onde se deixará constancia do rendemento do alumno durante as sesións, así como posibles problemáticas, actitudes, intereses, etc.

**Rúbricas de Exames/Audicións:** coas que se comprobará o grado de adquisición dos contidos e o repertorio traballado durante o curso. (Ver anexo)

**Rúbrica de Traballos/Exposicións:** coas que se comprobará o grado de adquisición e ordenación dos coñecementos teóricos.

### 7.3.4. Criterios de Cualificación.

| CRITERIOS   | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS              | CUALIFICACIÓN |
|---|---|---------------|
| <b>Actitudinais:</b> actitude, interese, disciplina, traballo diario, rendemento... | Observación Sistemática<br>Diario de Aula | <b>20%</b>    |
| <b>Técnicos:</b> técnica instrumental, respiración, embocadura, postura corporal... | Observación Sistemática<br>Diario de Aula | <b>30%</b>    |
|   | Rúbricas                                  | <b>10%</b>    |
| <b>Estéticos:</b> interpretación, musicalidade, afinación, estilo, fraseo...        | Observación Sistemática<br>Diario de Aula | <b>30%</b>    |
|   | Rúbricas                                  | <b>10%</b>    |

As cualificacións obtidas polos alumnos serán as correspondentes a unha escala do 1 ó 10, sendo necesario unha **cualificación igual ou superior a 5 para superar a materia**. A cualificación do trimestre final será a que determine a promoción, ou non, ó curso seguinte. Para acadar unha cualificación de 5 observarase a consecución dos **mínimos esixibles**. A non consecución de estes mínimos esixibles implicará unha cualificación inferior a 5. O seguimento da programación farase mediante a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe atendendo ao grao de consecución dos obxectivos e dos mínimos esixibles propostos.

Os criterios de cualificación a seguir no caso de **Faltas de Asistencia Reiteradas** que imposibiliten a avaliación continua, e nas **Probas Extraordinarias** serán os seguintes:

| <b>Faltas de Asistencia Reiteradas/Probas Extraordinarias</b>                       |                              |               |
|---|------------------------------|---------------|
| CRITERIOS   | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS | CUALIFICACIÓN |
| <b>Técnicos:</b> técnica instrumental, respiración, embocadura, postura corporal... | Rúbricas                     | <b>50%</b>    |
| <b>Estéticos:</b> interpretación, musicalidade, afinación, estilo, fraseo...        | Rúbricas                     | <b>50%</b>    |

### 7.3.5. Criterios para a Concesión de Ampliación de Matrícula.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado concederáse tras a orientación do profesorado, sempre que o informe da totalidade do resto das materias asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

### 7.4. Medidas de Recuperación.

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Para o **alumnado que asista regularmente ás clases** pero que non acade os contidos e obxectivos propostos para este curso desenvolveranse, no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, as medidas necesarias para a recuperación dos mesmos, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a. No momento no que o alumnado supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos e contidos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, éstas consideraranse superadas.

Para o **alumnado que teña a materia pendente do curso anterior** realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten dunha mellora máis grande por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. No momento no que o alumnado supere cada un dos obxectivos e contidos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

O **alumnado nos que a avaliación continua non é posible debido ás faltas de asistencia** atoparase coa problemática da falta de coñecemento da maioría ou da

totalidade dos contidos do curso. Ademáis, isto podería redundar no docente nunha imposibilidade aplicación axeitada da avaliación continua debido á falta de rexistros. O alumnado que se atope nesta situación terá dereito a unha proba (que poderá constar de varias partes) a final de curso, onde será examinado dos obxectivos e contidos non superados por mor das faltas de asistencia.

### **Probas Extraordinarias**

No caso de que algún alumno non supere a avaliación de xeito positivo no curso lectivo ordinario, deberá afrontar unha **Proba Extraordinaria** co fin de superar os obxectivos e contidos expostos no informe de avaliación negativa que se lle facilitará anexado ao boletín de notas. Esta proba terá carácter práctico e o alumno deberá presentar:

- 2 obras das programadas no curso (unha delas escollida polo profesor).
- 4 estudos dos programados no curso (dous a elección do alumno e outros dous a elección do profesor).
- A totalidade das escalas, arpejos e intervalos programados para o curso.
- Lectura a primeira vista.

Neste exame o profesor poderá pedir que o alumnado toque as obras, estudos, escalas, etc. na súa totalidade ou só parcialmente, coma él estime oportuno en cada un dos casos. Para este exame, o alumno/a deberán traer o material do exame (obras, estudos, etc.) e non será obrigatorio traer pianista acompañante para a interpretación das obras ou pezas que o requiran.

## **7.5. Recursos Didácticos.**

En canto aos recursos que imos necesitar para o desenrolo normal das clases, citamos os seguintes:

**Recursos de aula:** mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro. Un piano acústico ou eléctrico e os instrumentos de metal precisos para o bo desenrolo das clases. En algún momento puntual tamén se precisará dos recursos do centro (cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet...).

**Biblioteca de aula** cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias. Para poder gardar os materiais necesitaremos un armario-andel.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza, así como os libros de estudos e exercicios. Ademais levará un caderno de pentagramas e un lapis por se debe tomar algunha nota. Sería conveniente levar unha axenda ou caderno pequeno á clase onde poder anotar o traballo para a semana.

### 7.5.1. Temporalización.

#### Lista Orientativa de Recursos Bibliográficos: 1º TRIMESTRE

| TUBA TENOR   | TUBA   |
|--|--|
| Traballo da posición corporal e a correcta colocación do instrumento.  |  |
| Traballo da respiración diafragmática e ampliación da capacidade pulmonar.   |  |
| Traballo de exercicios de técnica básica: técnica buzzing e boquilla, emisión, dixitacións, articulacións básicas, flexibilidade básica... |  |
| <i>Look, Listen &amp; Learn for Euphonium 1</i> (T. Botma y J. Kalestein): UD. 1-5.  | <i>Look, Listen &amp; Learn for Tuba 1</i> (T. Botma y J. Kalestein): UD. 1-5. |
| <i>Aprende Tocando el Trombón y el Bombardino</i> (P. Wastall): UD. 1-3  | <i>Aprende Tocando la Tuba</i> (P. Wastall): UD. 1-3                           |

#### Lista Orientativa de Recursos Bibliográficos: 2º TRIMESTRE

| TUBA TENOR   | TUBA  |
|--|---|
| Traballo da posición corporal, da colocación do instrumento e da respiración.  |   |
| Traballo de exercicios de técnica básica: técnica buzzing e boquilla, emisión, dixitacións, articulacións básicas, flexibilidade básica... |   |
| <i>Escalas</i> (B. Slokar): Escalas maiores ata unha alteración en diferentes articulacións, negra=60.                                     |   |
| <i>Look, Listen &amp; Learn for Euphonium 1</i> (T. Botma y J. Kalestein): UD. 6-10.   | <i>Look, Listen &amp; Learn for Tuba 1</i> (T. Botma y J. Kalestein): UD. 6-10. |
| <i>Aprende Tocando el Trombón y el Bombardino</i> (P. Wastall): UD. 4-6.   | <i>Aprende Tocando la Tuba</i> (P. Wastall): UD. 4-6.                           |



### Lista Orientativa de Recursos Bibliográficos: 3º TRIMESTRE

| TUBA TENOR   | TUBA   |
|--|--|
| Traballo da posición corporal, da colocación do instrumento e da respiración.  |  |
| Traballo de exercicios de técnica básica: técnica buzzing e boquilla, emisión, dixitacións, articulacións básicas, flexibilidade básica... |  |
| <i>Escalas</i> (B. Slokar): Escalas maiores ata unha alteración en diferentes articulacións, negra=60.                                     |  |
| <i>Look, Listen &amp; Learn for Euphonium 1</i> (T. Botma y J. Kalestein): UD. 11-15.  | <i>Look, Listen &amp; Learn for Tuba 1</i> (T. Botma y J. Kalestein): UD. 11-15. |
| <i>Aprende Tocando el Trombón y el Bombardino</i> (P. Wastall): UD. 7-9.   | <i>Aprende Tocando la Tuba</i> (P. Wastall): UD. 7-9.                            |

#### 7.5.2. Criterios para a Selección de Repertorio.

A selección do repertorio farase de acordo ao nivel do alumnado, favorecendo o seu progreso dentro do proceso de enseñanza-aprendizaxe. As obras propostas son orientativas, quedando a criterio do docente e en atención á diversidade, unha posible modificación destas.

#### Relación Orientativa de OBRAS: 1º Grao Elemental

| TUBA TENOR  | TUBA   |
|---|--|
| <i>Bravo! Euphonium</i> , de C. Barratt.                        | <i>Canadian Brass Book of Easy Tuba Solos</i> , de C. Daellenbec |
| <i>Euphonica</i> , de J. C. Sempere Bomboi                      | <i>Classical Festival Solos</i> , de J. Lamb                     |
| <i>Petit Chanson pour Marion</i> , de C. Lesaffre               | <i>Classical Solos for Tuba</i> , de Hal Leonard.                |
| <i>Pièces Classiques for Euphonium</i> , Vol.1, de P. Sciortino | <i>Pièces Classiques for Tuba</i> , Vol.1, de P. Sciortino.      |

## **Curso: 2º de Grao Elemental.**

### **7.1. Obxectivos.**

1. Adoptar unha posición corporal relaxada que permita unha correcta colocación do instrumento e unha boa respiración diafragmática.
2. Controlar os músculos da embocadura, de xeito que posibiliten unha correcta técnica instrumental.
3. Coñecer, de xeito básico, a técnica básica instrumental e as posibilidades sonoras do instrumento, para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
4. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das distintas épocas e estilos, adecuadas ó nivel.
5. Continuar coa práctica en grupo a través da clase colectiva.
6. Adquirir, progresivamente, ferramentas para o desenvolvemento da memoria.
7. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
8. Demostrar unha autonomía, progresivamente maior, na resolución de cuestións técnicas e interpretativas.
9. Desenvolver hábitos de estudo eficaces e mostrar unha actitude activa nas clases, con aproveitamento e interese.

### **7.2. Contidos.**

1. Práctica da relaxación e da respiración diafragmática para un bo desenvolvemento da capacidade pulmonar.
2. Estudo e práctica da técnica buzzing e a boquilla.
3. Estudo e práctica da técnica básica instrumental como elemento indispensable para desenvolver un bo son: emisión, articulación, flexibilidade, dixitación, dinámicas, afinación, fraseo...
4. Estudo e práctica das articulacións básicas: picado e ligado.
5. Estudo e práctica de escalas, arpexios, intervalos e desenvolvemento da velocidade co instrumento.

6. Estudo e práctica da flexibilidade en tódalas posicións do instrumento.
7. Estudo e práctica do rexistro grave, medio e agudo.
8. Desenvolvemento do oído interno e da afinación.
9. Estudo e interpretación de un repertorio acorde ó nivel, en público.
10. Iniciación á comprensión de estruturas musicais, acordes ó nivel (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para conseguir unha interpretación o máis consciente posible.
11. Práctica de conxunto.
12. Entrenamento progresivo da memoria e práctica da lectura a primeira vista.
13. Adquisición e emprego de hábitos de estudo correctos e eficaces que favorezan o autoaprendizaxe.
14. Concienciación da importancia do traballo individual e dunha actitude activa durante as clases.

### 7.3. Avaliación.

Ao longo do curso avaliarase ao alumnado cos diferentes tipos de avaliacións: **inicial**, para coñecer o nivel do alumno no curso que comeza; **continua**, ao longo do curso segundo a súa evolución actitude e interese en cada unha das clases, audicións ou actividades; e **final**, onde se terá en conta toda a súa evolución.

Ao comezo do curso o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial para coñecer o punto de partida sobre o que empezar a traballar. Esta avaliación inicial consistirá na interpretación duns exercicios técnicos sobre contados do curso anterior, así como tamén algún estudo dos traballados no curso previo. Froito da análise da avaliación inicial, os resultados serán reflectidos no caderno do profesor. Aquelas aprendizaxes non acadadas serán incorporadas e tentaranse desenvolver nas primeiras etapas do curso. Á súa vez, a avaliación inicial será tida en conta na primeira avaliación en canto á superación o non das carencias detectadas. No caso de que non se produza esa superación e normalización, deberá figurar nos informes da avaliación trimestrais e o docente poderá estender este proceso na segunda e/ou na avaliación final.

### 7.3.1. Criterios de Avaliación.

- C1. Adquirir unha posición corporal relaxada que permita unha correcta colocación do instrumento e unha boa respiración diafragmática.
- C2. Demostrar un dominio básico das posibilidades técnicas, sonoras e expresivas do instrumento, adecuados aos contidos do curso.
- C3. Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- C4. Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, de acordo cos criterios de estilo, con seguridade e control da situación.
- C5. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ó nivel.
- C6. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.
- C7. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- C8. Mostrar interese, boa actitude e progresión ó longo de todo o curso.

### 7.3.2. Mínimos Esixibles.

Os seguintes aprendizaxes esenciais, considerados mínimos esixibles para a superación do curso, serán empregados no proceso de avaliación. De esta maneira, e de sufrir unha mingua, deberán ser obxecto da oportuna recuperación durante a primeira avaliación do seguinte curso. Os mínimos esixibles para a superación da materia, son:

C1. Adquirir unha posición corporal relaxada que permita unha correcta colocación do instrumento e unha boa respiración diafragmática.

ME1. Situar o corpo e o instrumento de xeito ergonómico.

C2. Demostrar un dominio básico das posibilidades técnicas, sonoras e expresivas do instrumento, adecuados aos contidos do curso.

ME2. Interpretar axeitadamente 3 estudos dos programados para o curso.

C3. Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva

individual.

ME3. Interpretar axeitadamente 1 obra das programadas para o curso.

C4. Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento, de acordo cos criterios de estilo, con seguridade e control da situación.

ME4. Realizar, alomenos, unha audición pública durante o curso.

C5. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ó nivel.

ME5. Interpretar de memoria un pequeno fragmento musical.

C6. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

ME6. Tocar a dúo.

C7. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

ME7. Ler a primeira vista un pequeno fragmento musical.

C8. Mostrar interese, boa actitude e progresión ó longo de todo o curso.

ME8. Aumentar o nivel técnico e musical durante o curso.

### 7.3.3. Procedementos e Ferramentas de Avaliación.

Empregarase como procedementos a **observación sistemática**, tomando notas do rendemento do alumnado en cada clase, interese e actitude. Ademáis, faranse **probos/exámenes**. Unha consecuencia directa do anteriormente exposto é a imprescindible asistencia do alumnado ás clases, pois do contrario non é posible un seguimento sistemático do desenvolvemento do alumno, esencial para a súa correcta avaliación. Entre os instrumentos de avaliación que se poderán utilizar, atópanse:

**Diario de Clase:** onde se deixará constancia do rendemento do alumno durante as sesións, así como posibles problemáticas, actitudes, intereses, etc.

**Rúbricas de Exames/Audicións:** coas que se comprobará o grado de adquisición dos contidos e o repertorio traballado durante o curso.

**Rúbrica de Traballos/Exposicións:** coas que se comprobará o grado de adquisición e ordenación dos coñecementos teóricos.

### 7.3.4. Criterios de Cualificación.

| CRITERIOS   | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS              | CUALIFICACIÓN |
|---|---|---------------|
| <b>Actitudinais:</b> actitude, interese, disciplina, traballo diario, rendemento... | Observación Sistemática<br>Diario de Aula | <b>20%</b>    |
| <b>Técnicos:</b> técnica instrumental, respiración, embocadura, postura corporal... | Observación Sistemática<br>Diario de Aula | <b>30%</b>    |
|   | Rúbricas                                  | <b>10%</b>    |
| <b>Estéticos:</b> interpretación, musicalidade, afinación, estilo, fraseo...        | Observación Sistemática<br>Diario de Aula | <b>30%</b>    |
|   | Rúbricas                                  | <b>10%</b>    |

